

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**11895** *Real decreto 1334/2012, do 21 de setembro, sobre as formalidades informativas exhibibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois ou que saian destes.*

A Directiva 2002/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de febreiro, sobre as formalidades de información para os buques que cheguen aos portos dos Estados membros da Comunidade e que saian destes, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 1249/2003, do 3 de outubro, sobre modalidades de información exhibibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois e que saian destes.

A citada directiva impoñía aos Estados membros a aceptación de determinados formularios normalizados (formularios FAL), de conformidade co Convenio para facilitar o tráfico marítimo internacional, feito en Londres o 9 de abril de 1965, coñecido como Convenio FAL 1965.

A Directiva 2010/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro, sobre as formalidades informativas exhibibles aos buques á súa chegada ou saída dos portos dos Estados membros, derroga a Directiva 2002/6/CE e ten como obxectivo fundamental a simplificación das formalidades relativas á información exixidas pola normativa comunitaria europea e pola dos propios Estados membros. Todo isto sen impor novas obrigas de información aos buques que non estivesen xa obrigados en virtude da normativa aplicable dos citados Estados.

A simplificación levarase a cabo mediante a utilización do formato electrónico para a presentación das formalidades informativas exixidas aos buques mercantes que entren ou saian dos portos dos Estados membros. Os datos requiridos presentaranse dunha soa vez a través dun portelo único, que conectará entre si os sistemas electrónicos SafeSeaNet, e-Customs e outros, e permitirá a súa posta á disposición dos órganos e entidades competentes de cada Estado membro, dos restantes Estados membros e, se é o caso, da Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA).

Para lograr os obxectivos anteriores cómpre que os Estados membros establezan mecanismos de harmonización e promovan a cooperación entre as diferentes autoridades competentes.

Mediante este real decreto verifícase a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2010/65/UE e derrógase o Real decreto 1249/2003, do 3 de outubro, que é a norma actualmente en vigor.

A transposición mediante real decreto lévase a cabo en virtude da habilitación legal derivada da aplicación dos artigos 6, 7, 269 e concordantes do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto simplificar e harmonizar os procedementos administrativos aplicables ao transporte marítimo, mediante a xeneralización da transmisión electrónica harmonizada de datos e a racionalización das formalidades informativas.

2. O disposto neste real decreto aplicarase ás formalidades informativas relativas ao transporte marítimo respecto dos buques mercantes que cheguen a portos españois procedentes de portos estranxeiros ou que saian de portos españois con destino a portos estranxeiros.

3. Este real decreto non se aplicará aos buques exentos de cumprir as formalidades informativas.

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) «Formalidades informativas»: a información indicada no anexo deste real decreto que, de conformidade co disposto na normativa española, se deba achegar con fins administrativos e procedementais cando un buque chegue a un porto español ou saia del.

b) «Convenio FAL»: o Convenio da Organización Marítima Internacional para facilitar o tráfico marítimo internacional, adoptado o 9 de abril de 1965, na súa versión emendada.

c) «Formularios FAL»: os modelos de formularios normalizados previstos no Convenio FAL.

d) «Buque»: todo buque destinado á navegación marítima.

e) «SafeSeaNet»: o sistema de intercambio de información marítima da Unión Europea definido no Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo.

f) «Transmisión electrónica de datos»: o proceso de transmisión de información codificada dixitalmente cun formato estruturado revisable que se pode usar directamente para o seu almacenamento e tratamento mediante ordenadores.

#### Artigo 3 *Notificación previa á chegada a porto de interese xeral.*

1. O capitán do buque ou calquera outra persoa debidamente autorizada polo operador do buque comunicará os datos das formalidades informativas do anexo deste real decreto á autoridade portuaria competente con polo menos 24 horas de antelación á súa chegada a un porto de interese xeral ou no momento en que o buque abandone o porto de procedencia, se a duración da viaxe é inferior a 24 horas, ou en canto se dispoña de tal información, se se descoñece o porto de escala ou se este se modifica no transcurso da viaxe.

O disposto no parágrafo anterior aplicarase sen prexuízo das disposicións específicas sobre notificación establecidas na normativa da Unión Europea que sexan de aplicación ou en virtude de instrumentos xurídicos internacionais aplicables ao transporte marítimo e vinculantes para os Estados membros, incluídas as disposicións sobre control de persoas e mercadorías.

2. A capitanía marítima competente, para efectos de autorizar ou denegar a entrada do buque en augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, asegurarse do cumprimento do disposto no parágrafo primeiro do número anterior.

3. As formalidades informativas da letra B do anexo deste real decreto poderán ser cumpridas mediante os formularios FAL, e as das letras A e C e a formalidade 8 da letra B do anexo, mediante os que en cada caso correspondan.

#### Artigo 4. *Transmisión electrónica de datos.*

1. De conformidade co disposto no artigo 4.1 da Orde FOM/1194/2011, do 29 de abril, a autoridade portuaria dos portos de interese xeral queda constituída como portelo único a través do cal se realizarán as formalidades informativas en formato electrónico.

O portelo único é o punto en que, de conformidade con este real decreto, se comunica a información por unha soa vez a Portos do Estado, o cal conectará entre si os sistemas electrónicos e-Customs e outros, para a súa posta á disposición dos órganos e entidades

competentes da Administración española, así como dos restantes Estados membros e, se é o caso, da Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA).

2. O formato electrónico a que se refire o número anterior será o establecido no Convenio FAL e cumprirá co disposto no artigo 6 deste real decreto.

3. Para o bo funcionamento do portelo único previsto no número un deste artigo, os sistemas electrónicos deberán ser interoperables, accesibles e compatibles co sistema SafeSeaNet creado polo Real decreto 210/2004 e, se é o caso, cos sistemas informáticos previstos pola Decisión n.º 70/2008/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativa a un contorno sen soporte papel nas alfándegas e no comercio.

4. Sen prexuízo das disposicións específicas en materia de control alfandegueiro e fronteirizo establecidas no Regulamento (CEE) n.º 2913/92, do Consello, do 12 de outubro, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, e no Regulamento (CE) 562/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, polo que se establece un código unitario de normas para a pasaxe de persoas polas fronteiras (Código de fronteiras Schengen), a Axencia Estatal da Administración Tributaria e Portos do Estado consultarán os operadores económicos e informarán a Comisión dos avances rexistrados, segundo o que se prevé na Decisión n.º 70/2008/CE, do 15 de xaneiro.

5. En todo caso, para a aplicación do Regulamento (CE) 562/2006, do 15 de marzo, a autoridade portuaria deberase asegurar sempre da correcta transmisión dos formularios 5 e 6 FAL ás forzas e corpos de seguridade competentes en materia de control de entrada e saída do territorio nacional de españois e estranxeiros.

#### Artigo 5. *Intercambio de datos.*

1. Portos do Estado asegurarse de que a información que se reciba de conformidade coas formalidades informativas establecidas en virtude da normativa aplicable da Unión Europea se introduza no sistema SafeSeaNet español e porá á disposición dos demais Estados membros a parte pertinente desa información a través do sistema SafeSeaNet.

Salvo que se estableza o contrario, o disposto neste artigo non se aplicará á información recibida de conformidade co disposto no Regulamento (CEE) n.º 2913/92, do 12 de outubro; no Regulamento (CEE) n.º 2453/93; no Regulamento (CE) n.º 562/2006, do 15 de marzo, e no Regulamento (CE) n.º 450/2008, do Parlamento e do Consello, do 23 de abril, polo que se establece o Código alfandegueiro comunitario.

2. Portos do Estado velará por que a información recibida de conformidade co número 1 deste artigo se poña á disposición das autoridades competentes ás cales estea obrigado e á daquelas que así o requiran.

3. O formato estruturado dixital que se vaia utilizar para a transmisión das mensaxes no sistema SafeSeaNet español a que se refire o número 1 deste artigo implantarase cumprindo o disposto no artigo 25 do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro.

4. A posta á disposición da información a que se refire o número 1 deste artigo levaraa a cabo Portos do Estado por medio dun sistema de intercambio electrónico de datos ou dos sistemas nacionais SafeSeaNet.

O formato de posta á disposición, a estrutura e a sintaxe estableceraos Portos do Estado.

5. Para a determinación das especificacións técnicas do portelo único previsto no número 1 deste artigo e para as comunicacións previstas no número 4 deste artigo, a entidade pública Portos do Estado e a Axencia Estatal da Administración Tributaria deberanse coordinar previamente, establecendo os instrumentos xurídicos necesarios para iso.

6. Portos do Estado facilitará o acceso á información introducida no sistema SafeSeaNet español ás autoridades competentes no «Control Nacional de Tráfico Marítimo» a través da interconexión, prevista no punto 2.1.1 do anexo III do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo, ou polo medio adecuado no caso en que esta non sexa posible.

Artigo 6. *Confidencialidade.*

1. Os órganos ou entidades competentes da Administración española, de conformidade coa normativa aplicable da Unión Europea ou coa lexislación nacional que sexa de aplicación, garantirán a confidencialidade da información comercial ou calquera outra información de carácter confidencial intercambiada en virtude deste real decreto.

2. Serán obxecto de especial protección os datos comerciais e os datos de saúde recompilados en virtude deste real decreto. Polo que se refire aos datos persoais, os órganos ou entidades competentes da Administración española garanten o cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Os datos alfandegueiros e fiscais que se comuniquen ao portelo único gozarán do carácter reservado que establecen o Regulamento (CEE) n.º 2913/1992 do Consello, do 12 de outubro de 1992; o Regulamento (CEE) n.º 2454/1993 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, e a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo seu carácter fiscal. Por este motivo, non poderán ser almacenados nos sistemas informáticos do portelo único previsto neste real decreto, nin utilizados nin cedidos a órganos distintos dos alfandegueiros, sen prexuízo do que se poida acordar no correspondente convenio de colaboración entre Portos do Estado e a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Artigo 7. *Exencións á obriga de transmitir as formalidades informativas.*

Os buques incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, que operen entre portos situados no territorio alfandegueiro da Unión Europea pero que non procedan dun porto situado fóra do dito territorio nin dunha zona franca suxeita ás modalidades de control de tipo I para os efectos da lexislación alfandegueira, fagan escala ou se dirixan a estes, quedan exentos da obriga de transmitir a información que figura nos formularios FAL. Isto aplicarase sen prexuízo do que dispoña a normativa aplicable da Unión Europea e da posibilidade de que os órganos ou entidades competentes da Administración española soliciten a información dos formularios FAL a que se refiren as seccións 1 a 6 e a declaración marítima de sanidade da parte B do anexo deste real decreto que sexa necesaria para protexer a seguridade pública, a seguridade marítima e a orde interna, así como para aplicar a lexislación en materia alfandegueira, fiscal, ambiental, de inmigración ou de sanidade.

Disposición adicional única. *Presentación das formalidades informativas nos portos autonómicos.*

No caso de escala dos buques nos portos autonómicos, a notificación a que se refire o artigo 3 deste real decreto será realizada a Portos do Estado polo capitán do buque ou por calquera outra persoa debidamente autorizada, polo operador do buque ou pola empresa navieira, nos termos e prazos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria única. *Formalidades informativas para as mercadorías perigosas.*

Ata o 19 de maio de 2013 as formalidades informativas relativas ás mercadorías perigosas poderán ser realizadas en formato distinto do requirido para a transmisión electrónica de datos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto.

2. En particular, queda derogado o Real decreto 1249/2003, do 3 de outubro, sobre formalidades de información exixibles aos buques mercantes que cheguen aos portos españois e que saian destes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución en materia de mariña mercante.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Autorízase o ministro de Fomento para ditar cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto, así como para introducir as modificacións técnicas derivadas de cambios na normativa internacional, especialmente as que se adopten por iniciativa do Comité de seguridade marítima e prevención da contaminación para os buques («Comité COSS»), creado polo Regulamento (CE) n.º 2099/2002, do 5 de novembro.

2. Habilítase o ministro de Fomento para actualizar o anexo deste real decreto co obxecto de incluír as modificacións que se produzan na lexislación comunitaria, nacional ou internacional, en relación coas remisións normativas que nel se inclúen e, respecto da letra C), para introducir a información que se deba facilitar de acordo coa normativa nacional aplicable».

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao noso ordenamento interno a Directiva 2010/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre as formalidades informativas exixibles aos buques á súa chegada ou saída dos portos dos Estados membros e pola que se derroga a Directiva 2002/6/CE.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo.*

O parágrafo primeiro do punto 2.1.1 do anexo III do Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo, modifícase nos seguintes termos:

«2.1.1 Sistema nacional de SafeSeaNet: Portos do Estado establecerá e manterá o sistema nacional de SafeSeaNet, que permite o intercambio de información marítima entre os usuarios autorizados, baixo a responsabilidade do Ministerio de Fomento, que será a autoridade nacional competente de España (ANC).»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,  
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

## ANEXO

### Lista de formalidades informativas con base no presente real decreto

#### A. *Formalidades informativas en virtude de actos xurídicos da Unión*

Esta categoría de formalidades informativas inclúe a información que se debe facilitar de conformidade coas seguintes disposicións:

1. Notificación para os buques que entren ou saian de portos dos Estados membros:

Artigo 4 do Real decreto 210/2004.

2. Control fronteirizo das persoas:

Artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 562/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, polo que se establece un Código comunitario de normas para a pasaxe de persoas polas fronteiras (Código de fronteiras Schengen) (DO L 105, do 13.4.2006, p. 1).

3. Notificación de produtos perigosos ou contaminantes a bordo:

Artigo 13 do Real decreto 210/2004.

4. Notificación de refugallo e residuos:

Artigo 6 do Real decreto 1381/2002, do 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de residuos xerados polos buques e residuos de carga.

5. Notificación de información sobre seguridade:

Artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 725/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativo á mellora da protección dos buques e das instalacións portuarias (DO L 129, do 29.4.2004, p. 6).

Ata a adopción dun formulario harmonizado no ámbito internacional utilizarase o formulario que figura no apéndice do presente anexo para a transmisión da información exigida en virtude do artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 725/2004, que se transmitirá por vía electrónica.

6. Declaración sumaria de entrada:

Artigo 36 bis do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario (DO L 302, do 19.10.1992, p. 1), e artigo 87 do Regulamento (CE) n.º 450/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2008, polo que se establece o código alfandegueiro comunitario (Código alfandegueiro modernizado) (DO L 145, do 4.6.2008, p. 1).

#### B. *Formularios FAL e formalidades derivadas de instrumentos xurídicos internacionais*

Esta categoría de formalidades informativas inclúe a información que se debe facilitar consonte o Convenio FAL e outros instrumentos xurídicos internacionais pertinentes.

1. Formulario FAL n.º 1. Declaración xeral.
2. Formulario FAL n.º 2. Declaración de carga.
3. Formulario FAL n.º 3. Declaración de provisións do buque.
4. Formulario FAL n.º 4. Declaración de efectos da tripulación.
5. Formulario FAL n.º 5. Lista da tripulación.
6. Formulario FAL n.º 6. Lista de pasaxeiros.
7. Formulario FAL n.º 7. Manifesto de mercadorías perigosas.
8. Declaración marítima de sanidade.

### *C. Lexislación nacional aplicable*

A información necesaria para consignar os datos de escala; os datos de atracada ou fondeadura; os datos de operación; o apéndice 1: ficha técnica do buque; así como o número do visado do apéndice 3: lista de tripulación e do apéndice 4: lista de pasaxeiros; e o indicador de masculino (M) ou feminino (F) do apéndice 4: lista de pasaxeiros. Todo isto de acordo coa normativa aprobada polo Ministerio de Fomento para regular o procedemento de escala de buques en portos españois (Anexo I da Orde FOM/1194/2011/, do 22 de abril, pola que se regula o procedemento integrado de escala de buques nos portos de interese xeral.)

## APÉNDICE

**Formulario de declaración previa de protección para todos os buques antes da súa entrada nun porto español**

*[Regra 9 do capítulo XI-2 do Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar (Convenio SOLAS) e artigo 6, número 3, do Regulamento (CE) nº 725/2004]*

Características do buque e datos de contacto						
Nº OMI		Nome do buque				
Porto de matrícula		Estado de abandeiramento				
Tipo de buque		Distintivo de chamada				
Arqueo bruto		Número de identificación Inmarsat (se existe)				
Nome da compañía e número de identificación		Nome e apelidos do oficial de protección marítima da compañía, cos seus datos de contacto para as 24 horas do día				
Porto de chegada		Instalación portuaria de chegada (se se coñece)				
Datos sobre o porto e as instalacións portuarias						
Data e hora de chegada previstas do buque ao porto						
Finalidade principal da escala.						
Información exixida en virtude da regra 9.2.1 do capítulo XI-2 do Convenio SOLAS						
Dispón o buque dun certificado internacional de protección do buque (CIPB) válido?	SI	CIPB	NON. Por que?		Expedido por (nome da administración ou da OPR)	Data de caducidade (dd/mm/aaaa)
Dispón o buque dun plan de protección do buque (PPB) aprobado?	SI	NON	Nivel de protección actual do buque	Nivel de protección 1	Nivel de protección 2	Nivel de protección 3
Localización do buque no momento en que se realiza este informe						



Indique as dez últimas escalas en instalacións portuarias, por orde cronolóxica (en primeiro lugar, a escala máis recente):								
Nº	Data de chegada (dd/mm/aaaa)	Data de saída (dd/mm/aaaa)	Porto	País	UN/LOCODE (se existe)	Instalación portuaria	Nivel de protección	
1							NdP =	
2							NdP =	
3							NdP =	
4							NdP =	
5							NdP =	
6							NdP =	
7							NdP =	
8							NdP =	
9							NdP =	
10							NdP =	
Indique se o buque adoptou medidas especiais ou adicionais de protección, ademais do PPB aprobado. En caso de resposta afirmativa, indique a seguir as medidas especiais ou adicionais adoptadas polo buque							SI	NON
Nº (segundo se indicou máis arriba)	Medidas especiais ou adicionais de protección adoptadas polo buque.							
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
8								
9								
10								

Indique as actividades de buque a buque por orde cronolóxica (en primeiro lugar, a máis recente) realizadas durante as dez últimas escalas nas instalacións portuarias mencionadas anteriormente. Se procede, amplíe o cadro a continuación ou siga nunha folla á parte. Indique o número total de actividades de buque a buque.						
Indique se se mantiveron durante cada unha destas actividades de buque a buque os procedementos de protección especificados no PPB aprobado.  En caso de resposta negativa, facilite na última columna os detalles das medidas de protección alternativas aplicadas.					SI	NON
Nº	Data de chegada (dd/mm/aaaa)	Data de saída (dd/mm/aaaa)	Localización ou lonxitude e latitude	Actividade de buque a buque	Medidas de protección alternativas aplicadas	
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
Descrición xeral da carga do buque						
Indique se o buque transporta como carga substancias perigosas correspondentes a unha das clases 1, 2.1, 2.3, 3, 4.1, 5.1, 6.1, 6.2, 7 ou 8 do Código IMDG				SI	NON	En caso de resposta afirmativa, confirme que se xunta o manifesto de mercadorías perigosas (ou un extracto pertinente deste)
Confirme que se xunta unha copia da lista da tripulación				SI	Confirme que se xunta unha copia da lista de pasaxeiros	
Outros datos relacionados coa protección						
Desexa notificar algún asunto relacionado coa protección?			SI	Facilite detalles:		NON
Axente do buque no porto de chegada previsto						
Nome e apelidos:			Datos de contacto ( nº de teléfono):			
Identificación da persoa que facilita esta información						
Cargo ou función (rísquese o que non proceda): capitán/oficial de protección do buque/oficial de protección marítima da compañía/axente do buque (segundo se indicou anteriormente)			Nome e apelidos		Sinatura	
Data/hora/lugar en que se completa o informe						